

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE DIXITALIZACIÓN, SOSTIBILIDADE E REALIZACIÓN DE OBRAS NO ÁMBITO DO SISTEMA DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA DE GALICIA

Santiago de Compostela [data/sinatura dixital]

REUNIDOS

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Consellería) nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16 de maio), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), nomeado mediante o Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVigo), nomeado mediante o Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117, do 20 de xuño) en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- A Comisión Europea, na súa Estratexia Anual de Crecemento Sostible 2021, vén de sinalar os eixes centrais das grandes políticas europeas sobre os que asentar a transformación socioeconómica para lograr a sostibilidade competitiva e a cohesión social: a transición ecolóxica e a transición dixital. Neste senso, o Pacto Verde ou *Green Deal* e a dixitalización debeñen obxectivos transversais para todas as políticas, actuando a I+D+i como motor de recuperación na nova realidade xurdida tras a pandemia.

Por outra banda, a transición dixital e sostibilidade fan referencia, entre outros aspectos, á mellora de infraestruturas e obras, para optimizar a súa eficiencia enerxética.

A Xunta de Galicia, consciente da necesidade de tomar medidas para apoiar a reactivación económica, incluíu na Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, diversos recursos financeiros que apostan por modernizar e impulsar unha serie de procesos de reformas estruturais na nosa economía de xeito que a fagan máis resistente e competitiva, adaptándose aos requirimentos das transicións verde e dixital. En concreto, no ano 2021 achegou un crédito de dez millóns de euros de fondos propios adicionais coa finalidade de promover a dixitalización e innovación do Sistema universitario de Galicia a través de tres convenios asinados en xullo e setembro de 2021 entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as tres universidades do SUG para a adopción de medidas de dixitalización e innovación do SUG.

Non obstante, é necesario avanzar na transformación dixital, sostibilidade e a innovación destas institucións de xeito que se consoliden e melloren os cambios realizados ata o momento e que se viron acelerados, forzados pola situación da pandemia, que debe verse como unha oportunidade para facer do noso sistema universitario o protagonista dun futuro construído en base ao coñecemento e a innovación.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía para Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo), de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a



promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- A universidade é un pilar do desenvolvemento da innovación nas economías avanzadas e, como tal, debe asumir a necesidade de adaptación permanente aos cambios producidos nun contorno cada día máis dixitalizado e con novos desafíos para afrontar a transición verde así como o desenvolvemento de infraestruturas e obras máis eficientes. Só deste xeito poderá dar resposta ás necesidades e desafíos da sociedade.

CUARTO.- A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027, é a estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia, incorporando os grandes obxectivos 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política industrial marcada pola sostibilidade, polo Pacto Verde Europeo e pola Transformación Dixital. As grandes metas que se pretenden acadar son: evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostible no tempo, xerando emprego de calidade e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 1 busca acadar un ecosistema máis aberto e integrado, facilitando a colaboración e o aliñamento coa especialización de Galicia.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo



estratéxico facer mais visible e accesible a oferta de coñecemento e facilitar a transferencia ao conxunto do tecido empresarial (obxectivo estratéxico 1), integrándose polo tanto no programa Integra.

QUINTO.- Polo anteriormente exposto, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e as universidades públicas galegas coinciden en salientar a necesidade de adopción de medidas de dixitalización, sostibilidade e realización de obras no ámbito da investigación universitaria de Galicia, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración no ano 2023, entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as tres Universidades públicas do SUG para a adopción de medidas de dixitalización, sostibilidade e realización de obras no ámbito do sistema de investigación universitaria de Galicia.

O orzamento será de **4.800.000,00 €**, distribuído entre as actuacións que se detallan no seguinte cadro:

ACTUACIÓN 1 - UDC	Importe
I. Obras e Eficiencia enerxética: Mellora das envolventes e cubertas; fiestras; portas de seguridade; ascensores e acondicionamento asociado; mellora do chan; reforma e acondicionamento de espazos para investigación; mellora ou reforma das instalacións de climatización; novos accesos; proxectos ou estudos técnicos e dirección de obra, seguridade e saúde	570.000 €
II. Dixitalización: Sistemas para procesamento da información, instalacións, acceso a produtos dixitais, mantementos informáticos de redes e equipos, licenzas software, seguridade da información	1.030.000 €
Total	1.600.000 €

ACTUACIÓN 2 - USC	Importe
I. Actualización dos sistemas críticos dos edificios	150.310,67 €
I.1 Actualización dos sistemas eléctricos	9.253,61 €



I.2 Actualización dos sistemas de seguridade	141.057,06 €
II. Actuacións de mellora da eficiencia enerxética dos edificios	1.424.125,43 €
II.1 Intervencións na envolvente dos edificios	634.111,69 €
II.2 Actualización dos sistemas de iluminación	550.679,31 €
II.3 Intervencións para a mellora da xestión e do consumo enerxético	239.334,43 €
III. Dixitalización	25.563,90 €
III.1 Actualización do repositorio institucional Minerva	11.228,00 €
III.2 Implantación do módulo de persoal investigador	14.335,90 €
Total	1.600.000,00 €

ACTUACIÓN 3 - UVIGO		Importe
I	Dixitalización e robótica	960.951,65 €
II	Rehabilitación	200.294,32 €
III	Eficiencia	353.419,51 €
IV	Mantemento	85.334,52 €
Total		1.600.000,00 €

SEGUNDA.- Actuacións

As accións serán determinadas pola UDC, USC e UVIGO en función das peculiaridades e necesidades específicas, de acordo coa súa autonomía de xestión, centrándose o uso dos fondos, en todo caso, na realización de medidas de dixitalización, sostibilidade, mellora de infraestruturas no ámbito da investigación universitaria do SUG.

As actuacións da UDC que poderán ser financiadas serán as seguintes:

As actuacións da UDC están centradas no fortalecemento da dixitalización e na mellora das infraestruturas nas que o persoal investigador desenvolve a súa actividade nas diferentes facultades e instalacións universitarias ou en centros de investigación. Ademais, as melloras nas infraestruturas, e nas obras que se teñen que desenvolver, pretenden reforzar e promover o aforro enerxético e a transición ecolóxica tal e como establece o Real decreto lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como medidas de aforro, eficiencia enerxética e redución da dependencia enerxética do gas natural.

Por outra banda, como consecuencia da covid-19, a dixitalización se está a converter nun dos grandes retos que as sociedades deben afrontar nas vindeiras décadas. Para



afrontar a recuperación económica se establece que, ademais da transición ecolóxica, é fundamental acadar unha correcta transición dixital. Por elo, faise necesario apoiar ao persoal investigador con novos sistemas para o procesamento da información, licenzas software, redes ou sistemas de apoio á xestión así como na seguridade ou ciberseguridade da información.

Ambos os dous eixos, a dixitalización e as obras ou melloras das infraestruturas, que acometen ademais o reto do aforro enerxético e redución do impacto medioambiental, se están a constituír en liñas estratéxicas para o desenvolvemento da i+D+I UDC. Porén, neste ano 2023 darase continuidade ás actuacións que están a ter un impacto notable non só dentro do ámbito universitario senón na sociedade. A continuación, destácanse as principais actuacións:

I. Obras e Eficiencia Enerxética

Son actuacións que se centran en diferentes obxectivos como a mellora da habitabilidade, a eficiencia enerxética, a seguridade, accesibilidade, a prevención de riscos e a funcionalidade. Estes obxectivos teñen a finalidade de garantir as mellores condicións de traballo do persoal investigador así como dar resposta ao reto da transición ecolóxica. Estas obras inclúen diferentes actuacións na mellora das envolventes e cubertas; fiestras; portas de seguridade; ascensores e acondicionamento asociado; mellora do chan ou zanzas; reforma e acondicionamento de espazos para investigación; mellora ou reforma das instalacións de climatización; novos accesos; proxectos ou estudos técnicos e dirección de obra, seguridade e saúde. Estas actuacións desenvolveranse en diferentes edificios ou construcións dos Campus universitarios de Elviña, Zapateira, Oza, Riazor, Bastiagueiro e no Campus industrial de Ferrol.

II. Dixitalización

Trátase de mellorar o acceso dos investigadores ou persoal investigador a sitios web e uso de produtos dixitais, e mantementos informáticos e postas a punto de equipos, redes e dotar de mellores sistemas de procesamento da información, instalacións, así como mellorar os niveis de seguridade ou ciberseguridade da información.

As actuacións da USC que poderán ser financiadas serán as seguintes:

As instalacións de investigación da USC están distribuídas nas estancias dedicadas a estes usos nas facultades e escolas e mais en edificios específicos dedicados en exclusiva á actividade investigadora. No caso da USC a antigüidade dos centros que



combinan docencia e investigación e mais a falta de investimento en sistemas críticos dos edificios durante un período longo de tempo obrigan á renovación urxente de instalacións eléctricas, climatización, seguridade, etc. nestes edificios. Os centros de investigación, aínda que de construción máis recente, xa están completando o primeiro ciclo de vida destes sistemas dos edificios, polo que tamén precisan renovacións graduais. En particular, para os sistemas de seguridade, acométese actuacións para adecuar as instalacións ás directivas do Código Técnico da Edificación, Documento Básico de Seguridade en Caso de Incendio (CTE DB-SI) e do Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión (REBT) que afectan á protección do cableado en caso de incendio e mais actualízanse as centrais para adaptalas aos requirimentos de grao en seguridade segundo o Regulamento de Seguridade. No caso das actualizacións dos sistemas eléctricos, repáranse as deficiencias dos sistemas de alimentación ininterrompida que aseguran a continuidade da actividade en instalacións críticas de laboratorio ou de procesamento de información.

Ás necesidades de conservación derivadas da idade das instalacións, súmanse as medidas a implementar en todas as institucións para adaptarse ás directrices en materia medioambiental e de eficiencia enerxética que se están poñendo en marcha no noso contorno. A USC está activando un proceso de renovación progresiva da envolvente dos edificios e de melloras nos sistemas de iluminación e climatización que tamén alcanza os centros de investigación. Nesta mesma liña, estase a implementar un programa de instalación e control do consumo das instalacións e de aproveitamento e extensión da rede de calor do campus de Santiago.

Ademais de dispor de infraestruturas físicas e equipamento adecuados, as actividades de investigación precisan de medios de xestión e difusión adaptados ás necesidades actuais. Un elemento fundamental na posta a disposición dos resultados da investigación da USC é o repositorio institucional Minerva, no que se actualizará para facilitar a difusión dos artigos, teses e demais formatos da actividade investigadora almacenados no repositorio, ademais de implementar a integración de información procedente da FECYT. Neste esforzo de dixitalización da información necesaria para a xestión da investigación implantarase un módulo específico para a xestión de recursos humanos da investigación que permitirá incorporar a información específica dos contratos de investigación á xestión xeral de recursos humanos.

Así pois, as actuacións incluídas neste convenio incardínanse nestas liñas principais:



I. Actualización dos sistemas críticos dos edificios

I.1 Actualización dos sistemas eléctricos

I.2 Actualización dos sistemas de seguridade

II. Actuacións de mellora da eficiencia enerxética dos edificios

II.1 Intervencións na envolvente dos edificios

II.2 Actualización dos sistemas de iluminación

II.3 Intervencións para a mellora da xestión e do consumo enerxético

III. Dixitalización

III.1 Actualización do repositorio institucional Minerva

III.2 Implantación do módulo de persoal investigador

As actuacións da UVIGO que poderán ser financiadas serán as seguintes:

I. Dixitalización e robótica

Dentro deste apartado, englobanse tres tipos de accións principais:

- As relacionadas coa adquisición e ampliación de licencias de software específico para o correcto funcionamento da Universidade. Ditas licencias inclúen, entre outros, as dos produtos de Microsoft que a UVIGO pon a disposición dos membros da comunidade universitaria, software antivirus, ou sistemas de xestión documental. Todos eles son a base para as tarefas investigadoras.
- Subcontratación para o soporte en actividades de difusión e apoio e mantemento do campus remoto. O campus remoto implantouse a raíz da pandemia, pero a día de hoxe é a ferramenta utilizada en numerosas reunións de proxectos de investigación con socios internacionais, así como de moitas outras xuntanzas, desde a comisión de investigación ao Consello de Goberno da universidade.
- A terceira das actuacións é no ámbito da robótica, que non sómente impulsa a investigación en áreas clave, senón que tamén esperta a paixón pola ciencia e a tecnoloxía nas xeracións futuras. Ao ofrecer oportunidades



emocionantes e concretas para explorar o mundo STEM, a robótica xoga un papel crucial na formación dunha forza laboral altamente capacitada na solución dos desafíos tecnolóxicos do futuro. E, polo tanto, moi relevante impulsar a participación e implicación no mundo da robótica de estudantes, co obxectivo de promover a colaboración con entidades públicas e privadas para desenvolver actividades baseadas en novas tecnoloxías e promoción da actividade STEM.

I. Rehabilitación

Obras de rehabilitación dos edificios da UVIGO para a súa conservación e adaptación para facilitar a accesibilidade, inclúese reparación de cubertas e terrazas de edificios, instalación de pasamáns ou construción de ramplas. Algunhas delas veñen da adaptación para persoas con discapacidade, que non poden ver impedido o seu desenvolvemento persoal e profesional no eido da investigación.

Entre as actuacións están:

- Diversas accións de reparación e mellora da terraza exterior e dos pasos que bordean a liña de beirarrúa, localizada na planta de acceso do edificio de anexo de Peritos, na sede Cidade da Escola de Enxeñería Industrial.
- A instalación de pasamáns en distintos edificios (Edificio Miralles e Facultade de Ciencias) por indicación do Servizo de Prevención de Riscos Laborais e a construción dunha rampla de acceso ao modulo 1 do edificio do animalario.
- Reparación das cubertas do edificio da Facultade de Ciencias Xurídicas e da Facultade de Ciencias por filtracións de auga.
- Renovación e reforma da instalación eléctrica da planta 6 do Edificio Benito Corbal do Campus de Pontevedra e dalgunhas áreas do edificio da Facultade de Económicas.

I. Eficiencia

O consumo enerxético que representa a investigación nas universidades é de gran magnitude ao ter permanentemente en funcionamento moitos dos grandes equipamentos tales como microscopios, cromatógrafos, etc. Por iso se plantexan diferentes accións, todas elas dirixidas ao aforro enerxético ou adaptación a novas normativas, entre elas:

- Instalación de equipamento mais eficiente:



- Bombas de calor nos locais do Servizo de Atención a Usuarios/as e Microinformática (SAUM) localizados no soto 2 do edificio da Biblioteca central e na Facultade de Ciencias Xurídicas e Sociais.
- Novos lucernarios LED na cuberta do pavillón de deportes, nas aulas corredores e despachos do edificio de Peritos -empresariais na sede Cidade.
- Nova bomba diésel do grupo de presión contraincendios Campus Lagoas Marcosende.
- Traballos de electrificación na aula 01 do bloque B do Edificio de Ciencias, nas aula 09 e 10 do bloque B do Edificio de Ciencias na sede Lagoas Marcosende, aula 1.5 do Edificio Politécnico e aula 2.5 do Edificio de Ferro do Campus de Ourense.
- Obras nos edificios de investigación:
 - Impermeabilización de cubertas no Edificio Miralles, Salón de actos do Edificio de Industriais, dos corredoiros das aulas do edificio da Facultade de Ciencias Económicas, do pavillón central de Filoloxía.
 - Substitución de carpintaría metálica ou fiestras, no pavillón A, Aula 06 da Facultade de Filoloxía e no edificio Ferro.

I. Mantemento

Neste apartado inclúense os contratos de mantemento de diferentes instalacións básicas da universidade:

- Instalacións térmicas nos Edificios Exeria, Ernestina Otero e Filomena Dato e do Edificio Olimpia Valencia con asistencia 365/24H.
- Instalación de climatización nos Centros de Procesos de datos para garantir as condicións específicas de temperatura e humidade neste tipo de espazos, utilizando unidades de alta precisión.
- Sistema de cloración e mantemento da potabilidade na Universidade.
- SAIs da REDE IRIS nos diferentes Campus e no CPD xeral da Biblioteca Central.
- Instalacións eléctricas de baixa tensión da Universidade de Vigo.
- Alumeado exterior do campus de Vigo.



TERCEIRA.- Distribución dos fondos

Os fondos distribuiranse tendo en conta as necesidades manifestadas polas universidades públicas do SUG

Con todo o exposto, a distribución dos fondos entre as tres universidades sería a recollida na seguinte táboa:

Universidade	TOTAL 2023
UDC	1.600.000,00
USC	1.600.000,00
UVigo	1.600.000,00
TOTAL	4.800.000,00

CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de catro millóns oitocentos mil euros (4.800.000,00 €), na anualidade 2023, con cargo ao Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro), aplicación orzamentaria 10.03.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129).

Esta cantidade de 4.800.000,00 euros trátase dun importe certo, e queda por conta das partes beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que, de modo indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia,



a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Compromisos das partes

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a contribuír ao financiamento das actuacións de medidas de dixitalización, sostibilidade e realización de obras no ámbito do sistema de investigación universitaria de Galicia.

Pola súa parte, as universidades, como entidades beneficiarias desta subvención, asumen as seguintes obrigas:

- a) Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, realización das actividades e o seu custo real.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda concedida.
- e) Comunicar á Secretaría Xeral de Universidades a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.



f) Cumprir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

g) Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devindicados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

h) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

De non facilitar cantos datos resulten necesarios para o seguimento e a avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou outros instrumentos relacionados coa medición da innovación será causa de reintegro de ata o 1% da subvención concedida.

SEXTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, cada universidade achegará antes do 1 de decembro do 2023:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Unha memoria explicativa que certifique as actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desagregar de forma individualizada cada unha das accións realizadas con cargo ao convenio cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, as Universidades deberán custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas e documentos contables de valor probatorio



equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias, ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lles poida ser requirida.

- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá presentar certificación de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

SÉTIMA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- O/a vicerreitor/a da UDC responsable destas accións ou persoa en quen delegue.
- O/a vicerreitor/a da USC responsable destas accións ou persoa en quen delegue.
- O/a vicerreitor/a da UVigo responsable destas accións ou persoa en quen delegue.



Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola consellería.

NOVENA.- Modificación da subvención

Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación do convenio.

Calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMA.- Extinción do convenio

Non obstante ao establecido na cláusula anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os seguintes:



a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da axudas percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

UNDÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, e atenderá accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2023, tendo vixencia ata o 31 de decembro do 2023.

DUODÉCIMA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, pola necesidade de reforzar as capacidades de investigación e transferencia das universidades de Galicia.

As actuacións estenderanse ás tres universidades públicas galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

Polo tanto, non é necesario promover a concorrência competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión relativa ao Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 28 de outubro de 2022, a subvención



contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante, a UDC, a USC e a UVigo deberán garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMA TERCEIRA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UDC, a USC e a UVigo consenten expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006 do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de



Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1, b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMA CUARTA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 de dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Julio Ernesto Abalde Alonso
Reitor da Universidade da Coruña

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo

